

Desexámosvos...

un bo
libro
e
unhas lectoras
vacacións.



<http://www.pinterest.com/micabigotes/>

<http://contosebigotes.blogspot.com.es/>

<https://www.facebook.com/pages/Mica-Bigotes/453006128117356?fref=nf>

DECEMBRO 2014

DENDE A
BIBLIOTECA
"PAULA
CARBALLEIRA"



EDUCACIÓN INFANTIL:

PENSANDO
"NESA"
CARTA ...

...que tod@s
ides escribir ...



...e anque algún di que a crise é historia, déixate de historias e, un ano máis, ORGANÍZATE para ser pedichón ou pedichona!!!. Fala cos teus e coas túas compas e poñédevos outra vez de acordo para pedir títulos distintos. Ah!, e pedide unha libretiña chula. Así poderedes intercambiar os libros unha vez que os leades, facer dos vosos andeis unha pequena biblioteca con empréstito incluído. A libretiña?. Para anotar a quen prestades os vosos libros e saber a quen reclamarllos no caso de moros@s... Como o ordenata da biblio, vaia, pero en "analóxico".

EDUCACIÓN INFANTIL

- **Quen é ese becho?-C.Queralt-**

Kalandraka : Di-ver-si-da-de, é a clave;ou coidabas que es únic@ no mundo? Pois non, está cheo de bichos e bichiñ@s. Milleiros de formas e cores, co seu propio carácter...achégate, achégate e bótalles un ollo!!!




- **Quen pode vencer o vento?-C.Pita-OQO:** Animais e humanos cultivan a terra. Se non chove, non hai colleita. Precisan do vento que traia ás nubes. Serán quen de conquerilo?



- **Cocido Sinfónico_Os tres TENedORES**
-Galaxia: Cancións cociñadas con produtos de 1ª calidade, rimas, humor, música. Empeza a degustalas!




- **Garabato e Tinta-E.Long-Lata de Sal:** Pintar, debuxar. Nunca están de acordo co que fai o outro. Poderán apreciar a arte do outro?



- **Non hai berce coma o colo-P. Nogueira-Kalandraka:** Pois iso, para que te arrolen e durmir coma un/ha bendit@.

- **Gato Pato-R.Salgueiro-Lata de Sal:** Un bo día, ao espertar, Gato descubre que é ...un PATO. Non sabe que facer. Queres sabelo ti?



- **Escritura con xabarin-Galileo Nenos (e Nenas):** Un xogo para aprender letras, números, unha chea de



palabras...pasándoo moi ben.

